

# Vigo, a cidade que xurdiu da industria conserveira



Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO



# Vigo, a cidade que xurdiu da industria conserveira

Do 7 de novembro ao 21 de decembro de 2014.  
Casa das Artes



**REDE DE MUSEOS**  
CONCELLO DE VIGO  
Casa das Artes

**CONCELLO  
DE VIGO**



# “VIGO, A CIDADE QUE XURDIU DA INDUSTRIA CONSERVEIRA”

Casa das Artes. Concello de Vigo  
Do 7 de novembro ao 21 de decembro de 2014

CONCELLO DE VIGO  
Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero  
Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos

Jesús López Moure  
Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Ignacio Oliveira López  
Xefe do Servizo de Museos Municipais

## CATÁLOGO

EDICIÓN  
Servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo

TEXTOS  
Abel Caballero Álvarez  
Jesús M. Alonso Escurís  
Juan M. Vieites Baptista de Sousa

FOTOGRAFÍA ORIXINAL  
ARQUIVO FOTOGRÁFICO PACHECO - CONCELLO DE VIGO (AFP)  
Antonio Alonso, S.A.  
Cerqueira, S.A.

TRADUCIÓNS E REVISIÓN LINGÜÍSTICA  
A.T.I [Agencia de Traductores e Intérpretes]

DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN  
Ecovigo Publicidad

IMPRESIÓN e ENCADERNACIÓN  
C.A. Gráfica

## EXPOSICIÓN

PROMOCIÓN E XESTIÓN  
Concellería de Cultura, Festas e Museos  
Concello de Vigo. Servizo de Museos Municipais

DESEÑO PROXECTO EXPOSICIÓN, DOCUMENTACIÓN e DIRECCIÓN TÉCNICA  
ANFACO-CECOPESCA  
Mariña López Rodríguez. Responsable do Museo ANFACO da Industria Conserveira

MONTAXE  
CUBIC Gestión Cultural e equipo da Casa das Artes

COPIAS FOTOGRÁFICAS  
*copias de autor*  
Enrique Touriño Marcén

Films proyectados na exposición:  
CGAI “O recibimento de Vigo a súa Excelencia o Presidente da República”. 1934  
Museo ANFACO da Industria Conserveira “As Conservas de Pescado e Marisco en Galicia”. 1963

AGRADECIMENTOS  
Xoán Carmona Badía  
Jesús Suárez Agüero, Pinturas Galpi  
Orbe, S.A.  
Thenaisie Provoté, S.A.  
Tomás Massó Bolíbar

Copyright  
Dos textos: os seus autores.  
Das fotografías: Concello de Vigo, Antonio Alonso, S.A. (páxs. 13, 20 e 22), Cerqueira, S.A. (páx. 15) e ANFACO-CECOPESCA (páx. 8 e 43)  
Da edición: Concello de Vigo  
Depósito Legal VG 758-2014

## ARQUIVO FOTOGRÁFICO PACHECO

A fonte fotográfica principal da exposición procede do ARQUIVO FOTOGRÁFICO PACHECO, do CONCELLO DE VIGO, sobre cuxos fondos o Museo ANFACO da industria conserveira deseñou esta mostra conmemorativa.

Vigo, a cidade que xurdiu da industria conserveira

9

## **A PAISAXE**

Os perfís do mar

12

## **O PATRIMONIO INDUSTRIAL**

Os edificios esquecidos

16

## **O TRABALLO**

As conserveiras

22

## **OS EMPRESARIOS CONSERVEIROS**

“Sardiñocracia”

26

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE VIGO**

Moito máis que latas...

34

## **O DEPORTE**

Fomentadores deportivos

39

## **A PUBLICIDADE**

Imaxes envasadas



Vigo, praia do Areal das Monxas e ao lado praia de Guixar. Fábrica de Barreras, A Rebouza (1899-1923), ao lado as fábricas de Tapias, Pita e Dotras, e ao fondo a fábrica de xabóns A Iberia. c.1910. AFP201097

## O Vigo da industria conserveira

Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo

A traxectoria vital de empresarios e traballadores da industria conserveira debuxa a evolución desta cidade desde hai máis dun século. Porque narrar a historia de cada unha das familias que vertebraron esa industria permítenos facer un percorrido case exacto polos acontecementos económicos e sociais más importantes que viviu esta cidade no último século.

Cando o envasado do peixe deu o salto da artesanía á industria, alá por mediados do século XIX, xerminou na nosa cidade o tecido industrial do que hoxe Vigo pode presumir. O sector conserveiro foi o pulo doutros como o metalúrxico ou o pesqueiro, sectores que foron capaces de resistir e adaptarse aos cambios que os novos tempos foron impoñendo. Unha之力 e un empuxe que hoxe están a demostrar de novo, torcendo o pulso a unha crise económica da que Vigo e a súa industria van saír reforzados.

110 anos de ANFACO-CECOPESCA, a patronal máis antiga de Galicia e a segunda de España, ben merecen a nosa homenaxe aos seus promotores. Grazas no nome da cidade a todos aqueles empresarios que se empeñaron en que Vigo fora o berce do sector conserveiro de produtos da pesca, da acuicultura e da transformación de produtos do mar.

Desde o Concello sumámonos a esta celebración porque é conmemorar o noso pasado común, rescatar e exhibir lazos que nos uniron e que hoxe nos seguen a facer máis fortes. A través do valioso e prolífico fondo de imaxes do Arquivo Pacheco, que cedemos para esta mostra, todos os vigueses terán a oportunidade de afondar na nosa memoria colectiva. A perfecta liña de colaboración establecida entre Anfaco e Concello permitiu encadear un percorrido en imaxes de máis dun século coa historia viva da nosa cidade, das nosas costumes, das nosas xentes. Os fondos do Arquivo son testemuñas de incalculable valor do que fomos e do que somos como cidade. Recollen o salto de Vigo ata converterse na primeira cidade de Galicia, coa industria conserveira como un dos seus piares.

Estou convencido do éxito desta mostra na que cada vigués ou viguesa verá retratada nela unha parte da súa propia historia dentro deste pasado común que entre todos temos a obriga de divulgar. Coñecer a nosa historia permítenos comprender mellor o presente e trazar con máis claridade o futuro que queremos conseguir entre todos. Iniciativas como a que hoxe presentamos son unha boa oportunidade para recuperar e afondar na nosa memoria colectiva da que tan orgullosos nos sentimos.

## ANFACO-CECOPESCA, 110 anos liderando o sector mar industria

Jesús M. Alonso Escurís  
Presidente de ANFACO-CECOPESCA

ANFACO-CECOPESCA, a Asociación Nacional que representa e lidera o sector conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura, así como as principais empresas do clúster de transformación de produtos do mar, celebra o seu 110 Aniversario. Fai máis dun século, o 28 de febreiro de 1904, un grupo de empresarios, todos eles con fábricas de conservas de peixe emprazadas na ría de Vigo, Daniel Rodríguez Valdés, Francisco Feu, Julián Tizón, José Dotras, Jacinto Bofill, Juan Bautista Cerqueira, Severo Lueiro e Manuel Pita, reuníronse co obxectivo de crear unha asociación pioneira para a defensa dos intereses que a todos eran comúns e que se denominou Unión de Fabricantes de Conservas da Ría de Vigo. O 19 de abril reuniese a primeira Xunta Xeral á que se incorporaron José Ramón Curbera Fernández, José Barreras Massó, Eduardo Martínez, Celestino Buet e Victoriano Fernández. Na seguinte asemblea do 6 de maio únironse tamén Antonio Alonso e José Córdoba, consideraron en vigor o regulamento e elixiuse o que sería o primeiro Presidente da Unión de Fabricantes, Manuel Pita, e José Barreras como primeiro Secretario.

En 1918 baixo a Presidencia de José Curbera Fernández "O home que ennobreceu a industria" como o cualificaban os seus coetáneos, a Unión daba outro paso e ampliaba o seu escenario pasando a ser Unión de Fabricantes de Galicia (UFACO), substituíelle na presidencia Federico Barreras Massó, despois deste Rafael Tapias, Juan Ribas Barreras, Ángel de la Gándara, Ventura Cerqueira, Gaspar Massó, Adolfo Quirós, Gaspar de Haz, Antonio Alfageme... nomes e apelidos todos eles ben coñecidos, das sagas que levantaron as súas empresas nesta cidade, e que enmarcaron o esplendor da industria viguesa. Eles puxeron en pé un sector sen o cal non se entendería Galicia, e o seu pulo empresarial, a súa ambición internacionalizadora, e a súa fe na innovación, seguen hoxe igual de presentes.

Hoxe comprácenos ser a patronal máis antiga de Galicia

e segunda de España, a asociación conserveira é na práctica a asociación máis lonxeva xa que non interrompeu a súa actividade en ningún dos acontecementos que sacudiron o convulso s. XX. Ao longo do tempo, a antiga Unión capeou o peso da historia, e soubo adaptarse aos cambios internos e alleos, nun alarde de ductilidade ao medio que lle permitiu transformarse, crecer verticalmente e espacialmente, integrando á práctica totalidade do sector conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura, así como á empresas líderes do clúster da transformación de produtos do mar.

A Asociación e o seu sector teñen unha longa historia que contar, unha historia que transcende aos seus protagonistas e que forma parte do sinal de identidade desta comunidade e de Vigo en particular. ANFACO-CECOPESCA impulsou o Museo da Industria Conserveira para salvagardar e divulgar parte dun pasado que a todos é común, unha cultura de más dun século que xerou valores, e un gran patrimonio material e inmaterial de carácter industrial e multidisciplinar que comprende a historia, a ciencia, a gastronomía, a publicidade, a arte, a tecnoloxía... Hoxe en día a Asociación é sinónimo de representación, liderato, innovación e preservación, valores todos eles asociados a esta lonxeva institución dende as súas orixes. A innovación está a contribuír de maneira decisiva a escribir a historia dos nosos emprendedores e empresarios, como xa fixera na etapa enmarcada na exposición "Vigo, a cidade que xurdio da industria conserveira".

No nome de ANFACO-CECOPESCA queremos agradecer a colaboración do Concello de Vigo para que esta exposición sexa posible, poñendo ao alcance dos cidadáns e cidadás parte da súa historia, compartindo con nós o aniversario, e festexando que o legado emprendedor continúa tan vivo no sector das conservas de peixe e marisco.

## Vigo, a cidade que xurdiu da industria conserveira

Juan M. Vieites Baptista de Sousa  
Secretario Xeral de ANFACO-CECOPESCA

Vigo é unha cidade vinculada ao mar, e do mar chegou a industria que marcou a súa historia, a súa economía, a súa cultura, a súa fisionomía e as súas xentes; o sector das conservas de peixe e marisco, motor da industrialización de Galicia.

O dinamismo da cidade e o seu espectacular desenvolvemento ao longo de todo o s. XX parten de 1861 cando se instala a precursora fábrica de conservas herméticas da Ría de Vigo por Víctor Curbera na praia de Arealonga (San Fausto de Chapel), pero é a partir da década de 1880 cando un grupo de emprendedores Benigno Barreras, Antonio Alonso Santodomingo e Manuel María Alonso Castro establecen as súas fábricas de conservas de peixe na praia de Guixar, iniciando o despegue do desenvolvemento socioeconómico de Vigo.

Este sector nútrese nos seus inicios polos chamados fomentadores, os antigos fabricantes da salgadura ou do escabeche que mudan e adáptanse á revolución industrial animados pola crise sardiñeira que asolaba aos bretóns, e tamén por audaces comerciantes animados polas expectativas de beneficios nos negocios marítimos que comezan a debuxar o perfil da cidade a base de fábricas de conservas.

A incipiente industria que comezou a desenvolverse a partir de finais do s. XIX tivo un efecto imán, en 1909 había na cidade 44 fábricas de conservas e 80 de salgadura, dando traballo a 9.000 obreiras e obreiros. Os empresarios conserveiros lideraron o impulso industrial da cidade, promoveron o desenvolvemento do porto, financiaron o peirao de ferro e foron un grupo de presión importante nas demandas pola ansiada liña férrea que conectara con el. Debido á necesidade crecente de materia prima incentivaron directa ou indirectamente tanto a construcción naval coma a pesca, ao igual que a industria metalográfica, metalúrxica e a madeireira, e por suposto necesitaban man de obra, sobre todo feminina, alimentando a expansión urbana. Vigo converteuse no principal centro de construcción de vapores peninsular, no principal porto e punto exportador de conservas de peixes

europeo, nunha cidade aberta ao mundo.

Este grupo de capitáns industriais favoreceron o desenvolvemento urbano da cidade, promoveron a chegada da electricidade, o abastecemento de augas, os transportes, a arquitectura modernista, e racionalista... e introduciron novos hábitos nos modos de vida propios "da cultura burguesa" como a práctica de deportes; o tenis, o ciclismo, o fútbol, a vela, o hóckey, ao mesmo tempo que fundaban clubs para fomentar a súa práctica como o Real Club Náutico de Vigo, Club de Campo, Aeroclub, ou clubs de carácter social como o Rotary Club de Vigo, cultivaron afecções como a fotografía, o vídeo e foron pioneiros na motorización de Galicia.

Ademais, algúns ocuparon cargos representativos da cidade na Alcaldía, na Cámara de Comercio, Zona Franca, e propiciaron a chegada en 1956 da factoría "Citroën" asentando os piares do seguinte capítulo industrial da cidade.

A través da súa Asociación, a Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia (1904), involucrou a intelectuais progresistas nos asuntos económico-xurídicos das súas asociacións, dándolle voz a través da revista "Industria Conservera" creada en 1934 e que estivo durante décadas en mans de Valentín Paz Andrade e Francisco Fernández del Riego. Á vez que en 1949 instalan o primeiro laboratorio do seu xénero en España o Departamento Técnico e de Investigación, que foi o alicerce da I+D+i na industria alimentaria, situado na rúa Marqués de Valadares 41, que é onde se encontraba nas súas orixes a sede da patronal.

Nesta exposición "Vigo, a cidade que xurdiu da industria conserveira" faise unha aproximación á pegada da conserva de peixe e marisco na configuración de Vigo a través da mirada de Pacheco, o arquivo documental que garda a memoria viguesa, un fondo recorrente que ata agora non recollera o amplio legado do mar como protagonista. Con motivo do 110 Aniversario de ANFACO -CECOPESCA conmemora as orixes da asociación en Vigo e a súa longa traxectoria, trazando a historia que documentou o estudio fotográfico da rúa do Príncipe.

O fío condutor da mostra son escenas que abundan no arquivo Pacheco; paisaxes, arquitectura, actos institucionais, deportivos ou sociais, imaxes que pertencen á categoría de fotografía documental, na súa maioría destinadas á prensa e outras publicacións como catálogos, e baixo este punto de vista ganduxámolas e construímos esta historia sobre Vigo e a industria do mar.

O percorrido comeza coas paisaxes e os perfís de Vigo marcados pola arquitectura industrial, dende Teis ata Canido, tomando Guixar como punto de partida. Desta mirada global o percorrido continúa para internarnos nas catedrais do traballo, os exteriores das fábricas de conservas e outros edificios de Vigo, símbolos do novo poder económico. Os espazos de traballo, interiores habitados por obreiras, silenciosas e anónimas cuxo bo facer imprimiu a calidade necesaria ao produto elaborado, xogando un importante papel na incorporación feminina ao mercado laboral. Escenas de pesca e marisqueo como actividades dependentes, os homes e as mulleres, a sardiña e o bonito protagonizan a esencia da cidade. Os edificios e traballadores dan paso aos empresarios, capitáns da industria, artífices do desenvolvemento económico, co seu pulo innovador crearon empresas, infraestruturas, clubs sociais e participaron en postos claves dos organismos olívicos. Finalmente, a publicidade comercial das marcas viguesas, o reclamo en papel e folladelata; multiplicidade de formatos, cores e sabores para unha tarxeta de presentación de Vigo, un producto de calidade e saber de xeracións.

Os obxectos industriais e publicitarios pertencen á da colección do Museo ANFACO así como o filme promocional da Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia [1963], que se suman á exposición fotográfica co obxectivo de narrar e dar movemento, así como ao propósito de exhibir o rico patrimonio conserveiro que inclúe a primeira película sonora realizada en Galicia en 1934 con motivo da visita do Presidente da II República a Vigo, Niceto Alcalá Zamora, patrocinado polos industriais conserveiros, cedida polo CGAI para esta exhibición.

Grazas ao Concello de Vigo por esta colaboración e polo apoio que posibilita poñer a disposición de toda a sociedade o legado do mar.



"Georgina" Panel de Massó Hermanos S.A., deseñado por Federico Ribas. Museo ANFACO da Industria Conserveira. c. 1925.

## A PAISAXE

### Os perfís do mar



Vigo, Bouzas, á dereita a factoría conserveira Alfageme e ao lado os astaleiros Armada e Cardama.  
Na década dos 40. AFP5047

No pulso da industria e da cidade, as praias onde se asentaron as conserveiras encheron a paisaxe de chemineas e estaleiros, estendendo os seus dominios dende Teis ata Canido asentándose alí onde había un areal. O desenvolvimento económico ao cabo dos anos esvaeceu a panorámica e engadiu unha gran infraestrutura portuaria.



Buque vapor tipo Vigo, ao fondo a praia de Guixar e as factorías conserveiras de Tapias, Pita, e Dotras e a de Rodolfo Alonso Lambert... c.1910. AFP201998



Canido, ao fondo as factorías de Antonio Cerqueira (logo Canimar), Floro González, Campos Varela, Vicente Coma e Guillermo Curbera, fábricas conserveiras cara a 1950 existentes en Canido. AFP43856

# O PATRIMONIO INDUSTRIAL

## Os edificios esquecidos



Fachada da factoría conserveira Alfageme, en Bouzas, rúa Tomás A. Alonso. Proxectada por Manuel Gómez Román. c.1929.  
Museo ANFACO da Industria Conserveira.

Os edificios da industria conserveira poboaron Vigo, contabilizábanse 43 fábricas xa a mediados do século XX, ao igual que outros edificios emblemáticos moitos deles desapareceron levándose a identidade de toda unha cidade, mentres que os esquecidos esperan á súa sorte.

O esplendor socioeconómico mídese pola categoría dos seus edificios, os arquitectos más representativos de Vigo serviron á industria conserveira: a fábrica de Alfageme é obra de Manuel Gómez Román, de Jenaro de la Fuente e Domínguez é a fábrica Albo, a ampliación da Metalúrxica e a desaparecida nave do Areal de Antonio Alonso, icona da arquitectura industrial modernista. Na estela quedan os edificios esquecidos como a fábrica de Ribas, Gándara y Haz ou La Artística... espazos de traballo que sementaron a cidade na súa puberdade.



Fachada da factoría conserveira de Antonio Alonso, en Arenal, rúa Serafín Avendaño. Proxectada por Jenaro de la Fuente e Domínguez hoxe desaparecida c.1910. Arquivo Antonio Alonso, S.A.



Fachada da factoría conserveira Gándara y Haz, Guixar, rúa Xulián Estévez 40. c. 1927. AFP22611



Fachada da factoría conserveira Cerqueira, Coia, rúa Tomás A. Alonso, ao carón a fábrica conserveira Ribas. c. 1951. AFP22397



Cheminea da factoría conserveira Cerqueira, na rúa Tomás A. Alonso. Arquivo fotográfico Cerqueira S.A. c.1951

## O TRABALLO

### As conserveiras



Interior da factoría conserveira Massó Hermanos, S.A. en O Salgueirón, Cangas c.1970. AFP200554

A man obreira da industria conserveira é principalmente feminina. O traballo nas conserveiras supuxo unha importante fonte de ingresos para as economías familiares e para a incorporación da muller ao mercado laboral nas zonas dependentes da pesca. A man de obra que consolidou o tecido fabril vigués procedía dos barrios de Bouzas, Coia, Lavadores, e do Val do Fragoso; millares de viguesas atentas ao toque das sirenas, á chamada do traballo para coas súas mans carrexar, limpar, empacar, revisar, encher, sertír, acuñar, cortar, e soldar; mans cualificadas as das mulleres conserveiras.



Manifestación obreira. Sociedade de obreiros conserveiros e similares da Ría de Vigo. "La Invencible" [25-11-1932 ata 18-07-1936]. Negociou a revisión do convenio colectivo coa Unión de Fabricantes de Conservas en 1934. AFP2092



Interior da factoría conserveira en Punta Balea de Massó, Cangas, (anteriormente foi de Darío Lameiro Sarachaga e logo de Benigno Barreras), na década dos 50 pasa a ser factoría baleira.  
Obradoiro de baleiro, mulleres soldadoras en primeiro termo. c.1939. AFP200650



Interior da fábrica conserveira de Cerqueira, obradoiro construcción de envases "de baleiro". c.1951 AFP21799



Interior da fábrica conserveira de Cerqueira, sección de peche. c.1951. AFP22394



Interior da fábrica conserveira de Antonio Alonso (Cillero), mulleres na mesa de empaque. c.1945. Arquivo Conservas Antonio Alonso, S.A.



Mariscadoras na Ría de Vigo. c.1933 AFP2760

## OS EMPRESARIOS CONSERVEIROS

“Sardiñocracia”



Visita de Alfonso XIII á fábrica conserveira de Antonio Alonso en Vigo, xunto a el Mauro Alonso. c.1927.  
Arquivo Conservas Antonio Alonso, S.A.

Vigo xurdiu da industria conserveira.  
Crecía a golpe de sardiña e os  
empresarios incentivaban o  
desenvolvemento urbano e influían  
na política local. Algúns foron  
alcaldes, concelleiros, deputados,  
delegados da Zona Franca...  
dominando todo o tecido  
empresarial, político e social da  
cidade en case todo o s. XX.



José Curbera Fernández (1870-1937). Conserveiro e fomentador de Vigo. Conservas José R. Curbera, S.A. Presidente da Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia (1912-1918/1927-1933). Vocal Secretario do Banco de Vigo (1903-1915) e de La Alborada Seguros, formou parte dos Consellos Abastecemento de Augas e de Tranvías de Galicia, foi propietario do Hotel Continental (1906-1908), Presidente da Xunta de Obras do Porto de Vigo (1932-1933). Candidato a Diputado no Congreso dos Diputados 1918, e Concelleiro de Vigo (1922-1923). Nos deportes foi pionero na práctica ciclista, en 1896 consigue o récord de España na proba de velocidade. Fundador do Real Club Náutico de Vigo en 1906. Presidente do Vigo Sporting Club (1913-1923) e fundador do Club de Campo en 1934. AFP29380



Mauro Alonso Giménez-Cuenca e a súa familia (1887-1965). Conserveiro e Alcalde. Director xerente de Antonio Alonso. Alcalde de Vigo (1927-1929), Presidente da Caixa de Aforros Municipal de Vigo (1926-1929). Deputado Provincial (1924-1925). Vicepresidente da Unión de Fabricantes de Galicia en 1918. Accionista-Conselleiro da Compañía Anónima Vascona en Bilbao desde 1916. Presidencia da Asociación de Transformadores Metalúrxicos. Vicepresidente da Cámara oficial de Comercio de Vigo, 1920. Presidente do Círculo Mercantil (1925-1926). Vicepresidente de Vidriera Gallega. Fundador de Depósito Franco Vigués en 1927. Xogador do Vigo Football Club en 1905.

No seu mandato como Alcalde foi a primeira corporación viguesa na que participaron dúas mulleres, concederon a Vigo o instituto de educación secundaria, e visitaron Vigo ilustres como Guillermo Marconi o Nobel de Física, Joaquín Loriga o aviador, e os Reis Alfonso XIII e Victoria Eugenia. AFP22347



Visita dos Príncipes de España á factoría conserveira Alfageme, c.1964. AFP18834




Gaspar Massó García (fila superior 4º pola esquerda) e Tomás Pérez Lorente (4º pola dereita), membros da corporación municipal do Concello na década dos 50. Tomás Pérez Lorente, foi Alcalde de Vigo entre 1949-1960, e xerente da factoría Quirós. AFP17066



Mauro Alonso (3º pola dereita), Manuel Gómez Román arquitecto galeguista (2º pola dereita) e Emilio Martínez Garrido derradeiro Alcalde da República (3º pola esquerda) no pazo de San Roque. AFP21890

# DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE VIGO

## Moito más que latas...



Porto de Vigo, c.1908. AFP200668

Os empresarios do mar situaron o noso complexo marítimo na escena internacional e deron pulo a outras industrias e servizos. Investiron os beneficios na chamada integración vertical, dominando todo o ciclo do proceso produtivo e formando parte dos consellos doutras empresas afastadas do ámbito do mar. Emprendedores que deseñaron o proxecto económico no que se ía asentar o crecemento e boa parte dos empregos para Vigo.



Monumento ao Coche Antigo na Feira do Automóbil de Ocasión, Pontecesures. O primeiro automóbil que circulou por Galicia foi o Panhard P01 de José Ramón Curbela Puig adquirido en 1891. 27 de xuño 1925. AFP 5922



O Marabú, primeiro voo comercial Madrid-Vigo da Unión Aérea Española destinado a servizo comercial, o Goberno considerou de interese xeral a construcción dun aeródromo con carácter aduaneiro en Galicia.

Na foto o Alcalde e conserveiro Mauro Alonso (3º pola dereita) recibe ao Marabú na praia de Panxón. 9-9-1927. AFP21891



Inauguración do novo edificio do Grupo M.A.R. (Motopesqueiros de Altura Reunidos), fundada en 1941 por Javier Sensat Curbela (1899-1977) para a administración e xestión de buques de pesca, contaba con factoría frigorífica, cordeoerías, servizos mecánicos, mutua de armadores, servizos pesqueiros portuarios, economato e clínica. Os Massó, Alfageme, Eugenio Fadrique e Ángel Gándara, foron socios fundadores. 16-9-1955. AFP7278



Botadura do conxelador rampleiro "Vimianzo" de Pescanova. Primeiro buque de España que permite a pesca por popa. A incorporación da rampla supuxo outra revolución nas faenas da pesca. 16-9-1963. AFP11366

Vigo, a cidade que xurdio da industria conserveira



Vigo, Feira Industrial de Galicia, pavillón da Unión de Fabricantes de Conservas Galicia. c.1944. AFP 100476

Vigo, a cidade que xurdio da industria conserveira





Banco de Vigo, [1900-1925] Banco de vocación industrial. O primeiro Presidente foi José Ramón Curbera Puig. Edificio proxectado por Manuel Gómez Román, adquirido en 1928 polo Banco Pastor. AFP200477



Firma do convenio entre Consorcio Zona Franca de Vigo e Citroën Hispania.

O alcalde e xerente de Conservas Quirós Tomás Pérez-Lorente (sentado primeiro pola esquerda) como Presidente do Consorcio e Pedro González Bueno como Presidente do Consello de Administración de Citroën Hispania, asinan as escrituras para a instalación da factoría nos terreos do Consorcio en Balaídos, baixo a atenta mirada de Rafael J. Portanet Suárez, Delegado do Estado do Consorcio Zona Franca de Vigo e conserveiro (1º pola dereita), 29-9-1957. Copia de colección particular.

## O DEPORTE

### Fomentadores deportivos



Proba ciclista en campo de Coia, ao fondo a cheminea da factoría conserveira Quirós. AFP322

Vigo foi pioneira na práctica de deportes como o fútbol e o ciclismo. O deporte articulaba boa parte do ocio das clases dirixentes e traballadoras que acudían ao campo de Coia, rodeado de fábricas como pano de fondo. Moitos dos empresarios conserveiros practicaban o deporte, propio da clase burguesa e con considerables éxitos nalgúns casos, e impulsaron a súa práctica fundando o Club de Campo, Aeroclub, Club Náutico.

As fillas dos empresarios tiveron un papel importante neste capítulo, principalmente a través da práctica do hóckey herba, foron gañadoras de numerosos títulos e pioneiras no exercicio do deporte feminino nos anos 30.



Torneo Viuda del Río, entre afeccionados vigueses e ingleses.  
María del Río Gutiérrez, Viúva del Río (sentada no medio), construiu unha cancha de tenis na súa residencia, na rúa de García Barbón, entre o cine Fraga e a esquina da rúa República Arxentina, onde se deron cita numerosos trofeos de tenis.  
Cuñada de Eugenio Fadrique (La Artística). c. 1913. AFP 26832



Xogadores de tenis, VII Campionato Internacional de Tenis. Club de Campo en Vista Alegre [García Barbón], Fernando Haz de Gándara xogador (2º pola esquerda). Agosto 1946. AFP10761



Hóckey Atlántida Club. Fundado por María Sanjurjo Aranaz en 1932, directiva e xogadora do Atlántida, verdadeira impulsora do hóckey en Galicia e muller de importante traxectoria intelectual. Carmela Sanjurjo (1<sup>a</sup> pola esquerda, fila superior), Joaquina Presas (3<sup>a</sup> pola esquerda fila superior), Gloria Tapias Curbera (3<sup>a</sup> pola dereita fila superior), Margarita Alonso Gil (1<sup>a</sup> pola dereita fila superior), Elvira Tapias Curbera (1<sup>a</sup> pola dereita fila inferior). c. 1934. AFP 3960



Deportistas do Atlántida Club. c. 1935. AFP2995



Os Alonso (1º pola dereita e 1º pola esquerda). Vigo foi pioneira na práctica do ciclismo. 1915. AFP10584



Regata "O Salgueirón" organizada por José María Massó. Ao fondo a Fábrica Cervera en Cangas. c.1959. AFP9664

## A PUBLICIDADE

### Imaxes envasadas



Envase de López Valeiras. "Berberechos ao natural". c.1940. AFP21034

Algúns dos reclamos de antano, forman parte da colección museográfica do Museo ANFACO: a embalaxe das conservas de pescado e marisco, latas e estoxos en multiplicidade de formatos, catálogos, folletos, anuncios de revistas, cabeceiras das cartas corporativas, o mundo das imaxes e as técnicas de comunicación comercial que explican en boa medida as sociedades que as xeraron.

De entre todos os publicistas que deron servizo ás empresas conserveiras destaca o traballo de Federico Ribas Montenegro, un dos grandes do deseño gráfico, vigués e de familia conserveira.



Conserva de Marisco "Marisco al natural" M. López Valeiras S.L. c. 1946. AFP21045-21055



Debuxo, publicidade de Conservas Justo López Valcárcel. AFP59957

Vigo, a cidade que xurdio da industria conserveira



Bodegón de conservas de anchoas en salmoira e xoubas de conservas Portanet. AFP 23993



"En estos tiempos difíciles". Revista Industria Conserveira, publicidade da Unión de Fabricantes de Galicia. c. 1946. Museo ANFACO da Industria Conserveira

## El Vigo de la industria conservera

Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo

La trayectoria vital de empresarios y trabajadores de la industria conservera dibuja la evolución de esta ciudad desde hace más de un siglo. Porque narrar la historia de cada una de las familias que vertebraron esa industria nos permite hacer un recorrido casi exacto por los acontecimientos económicos y sociales más importantes que vivió esta ciudad en el último siglo.

Cuando el envasado del pescado dio un salto de la artesanía a la industria, allá por la mitad del siglo XIX, germinó en nuestra ciudad el tejido industrial del que hoy Vigo puede presumir. El sector conservero fue el impulso de otros como el metalúrgico o el pesquero, sectores que fueron capaces de resistir y adaptarse a los cambios que los nuevos tiempos fueron imponiendo. Una fuerza y un empuje que hoy están demostrando de nuevo, torciendo el pulso a una crisis económica de la que Vigo y su industria van a salir reforzados.

110 años de ANFACO-CECOPESCA, la patronal más antigua de Galicia y la segunda de España, bien merecen nuestro homenaje a sus promotores. Gracias en nombre de la ciudad a todos aquellos empresarios que se empeñaron en que Vigo fuera la cuna del sector conservero de productos de la pesca, de la acuicultura y de la transformación de productos del mar.

Desde el Ayuntamiento nos sumamos a esta celebración porque es conmemorar nuestro pasado común, rescatar y exhibir lazos que nos unieron y que hoy nos siguen haciendo más fuertes. A través del valioso y prolífico fondo de imágenes del Archivo Pacheco, que cedemos para esta muestra, todos los vigueses tendrán la oportunidad de profundizar en nuestra memoria colectiva. La perfecta línea de colaboración establecida entre Anfaco y el Ayuntamiento permitió encadenar un recorrido en imágenes de más de un siglo con la historia viva de nuestra ciudad, de nuestras costumbres, de nuestras gentes. Los fondos del Archivo son testigos de incalculable valor de lo que fuimos y de lo que somos como ciudad. Recogen el salto de Vigo hasta convertirse en la primera ciudad de Galicia, con la industria conservera como uno de sus pilares.

Estoy convencido del éxito de esta muestra en la que cada vigués o viguesa verá retratada en ella una parte de su propia historia dentro de este pasado común que entre todos tenemos la obligación de divulgar. Conocer nuestra historia nos permite comprender mejor el presente y trazar con más claridad el futuro que queremos conseguir entre todos. Iniciativas como la que hoy presentamos son una buena oportunidad para recuperar y profundizar en nuestra memoria colectiva de la que tan orgullosos nos sentimos.

## ANFACO-CECOPESCA, 110 años liderando el sector mar industria

Jesús M. Alonso Escurís  
Presidente de ANFACO-CECOPESCA

ANFACO-CECOPESCA, la Asociación Nacional que representa y lidera al sector conservero de productos de la pesca y la acuicultura, así como a las principales empresas del clúster de la transformación de productos del mar, celebra su 110 Aniversario. Se constituyó hace más de un siglo, el 28 de febrero de 1904, por un grupo de empresarios, todos ellos, con fábricas de conserva de pescado y marisco ubicadas en la Ría de Vigo; Daniel Rodríguez Valdés, Francisco Feu, Julián Tizón, Jose Dotras, Jacinto Bofill, Juan Bautista Cerqueira, Severo Lueiro y Manuel Pita con el objetivo de crear una asociación pionera para la defensa de los intereses que a todos les eran comunes y que se denominó Unión de Fabricantes de Conservas de la Ría de Vigo. El 19 de abril se reunió la primera Junta General a la que se incorporaron José Ramón Curbela Fernández, José Barreras Massó, Eduardo Martínez, Celestino Buet y Victoriano Fernández Soler, en la siguiente reunión del 6 de mayo se unieron también Antonio Alonso y José Córdoba, consideraron en vigor el reglamento y se eligió el que sería primer Presidente de la Unión de Fabricantes, Manuel Pita y José Barreras como primer Secretario.

En 1918 bajo la presidencia de José Curbela Fernández “el hombre que ennoblecio la industria” así llamado por sus coetáneos, la Unión daba otro paso y ampliaba su escenario pasando a ser Unión de Fabricantes de Galicia (UFACO), le sustituye en la presidencia Federico Barreras Massó, luego Rafael Tapias, Juan Ribas Barreras, Ángel de la Gándara, Ventura Cerqueira, Gaspar Massó, Adolfo Quirós, Gaspar de Haz, Antonio Alfageme... nombres y apellidos de las sagas que levantaron sus empresas en esta ciudad, y que enmarcaron el esplendor de la industria viguesa. Ellos pusieron en pie un sector sin el cual no se entendería Galicia, su impulso empresarial y su ambición internacionalizadora, y su fe en la innovación, siguen hoy igual de presentes.

De esta forma, hoy nos enorgullecemos del hecho que

la patronal más antigua de Galicia y segunda de España nació en Vigo, la asociación conservera es la más longeva y no interrumpió su actividad en ninguno de los acontecimientos que sacudieron el convulso s. XX. A lo largo del tiempo, la antigua Unión capeó el peso de la historia, y supo adaptarse a los cambios internos y ajenos, en un alarde de ductilidad al medio que le ha permitido transformarse, crecer verticalmente y espacialmente, integrando a la práctica totalidad del sector conservero de productos de la pesca y la acuicultura, así como a empresas líderes del clúster de la transformación de productos del mar.

La Asociación y su sector tienen una larga historia que contar, una historia que trasciende a sus protagonistas y que forma parte de las señas de identidad de esta comunidad y de Vigo en particular.

ANFACO-CECOPESCA ha impulsado el Museo de la industria conservera para salvaguardar y divulgar parte de un pasado que a todos es común, una cultura de más de un siglo que ha generado valores, y un gran patrimonio material e inmaterial de carácter industrial y multidisciplinar que comprende la historia, la ciencia, la gastronomía, la publicidad, el arte, la tecnología... Hoy en día la Asociación es sinónimo de representación, liderazgo, innovación y preservación de la tradición, valores asociados a esta longeva institución desde sus orígenes. La innovación está contribuyendo de manera decisiva a escribir la historia de nuestros emprendedores y empresarios, como ocurrió en la etapa enmarcada en la exposición “Vigo, la ciudad que surgió de la industria conservera”.

En nombre de ANFACO-CECOPESCA queremos agradecer la colaboración del Ayuntamiento de Vigo para que esta exposición sea posible, poniendo al alcance de los ciudadanos y ciudadanas parte de su historia, compartiendo con nosotros el Aniversario y festejando que el legado emprendedor continúa tan vivo en el sector de las conservas de pescado y marisco.

## Vigo, la ciudad que surgió de la industria conservera

Juan M. Vieites Baptista de Sousa  
Secretario Xeral de ANFACO-CECOPESCA

Vigo es una ciudad vinculada al mar, y del mar llegó la industria que marcó su historia, su economía, su cultura, su fisonomía y sus gentes; el sector de las conservas de pescados y mariscos, motor de la industrialización de Galicia.

El dinamismo de la ciudad y su espectacular desarrollo a lo largo de todo el s. XX parte de 1861 cuando se instala la precursora fábrica de conservas herméticas de la Ría de Vigo por Víctor Curbera en la playa de Arealonga (San Fausto de Chapel), pero es a partir de la década de 1880 cuando un grupo de emprendedores Benigno Barreras, Antonio Alonso Santodomingo y Manuel María Alonso Castro establecen sus fábricas de conservas de pescado en la playa de Guixar, iniciando el despegue del desarrollo socioeconómico de Vigo.

Este sector se nutre en sus inicios por la iniciativa empresarial de los llamados fomentadores, los antiguos fabricantes de la salazón o del escabeche que mudan y se adaptan a la revolución industrial animados por la crisis sardinera que asolaba a los bretones, y también por audaces comerciantes que animados por las expectativas de beneficios en los negocios marítimos comienzan a siluetear el perfil de la ciudad a base de fábricas de conservas.

La incipiente industria que comenzó a desarrollarse a partir de finales del s. XIX tuvo un efecto imán, en 1909 había en la ciudad 44 fábricas de conservas y 80 de salazón, dando trabajo a 9.000 obreras y obreros. Los empresarios conserveros lideraron el impulso industrial de la ciudad, promovieron el desarrollo del puerto, financiaron el Muelle de Hierro y fueron un grupo de presión importante en las demandas por la ansiada línea férrea que conectaría con él. Debido a la necesidad creciente de materia prima incentivaron directa o indirectamente tanto la construcción naval como la pesca, al igual que la industria metalgráfica, metalúrgica y la maderera, y por supuesto necesitaban mano de obra, sobre todo femenina, alimentando la expansión urbana y la incorporación femenina al mundo laboral. Vigo se

convirtió, en el principal centro de construcción de vapores peninsular, en el principal puerto y punto exportador de conservas de pescado europeo, en una ciudad abierta al mundo.

Este grupo de capitanes industriales favorecieron el desarrollo urbano de la ciudad impulsaron la llegada de la electricidad, el abastecimiento de aguas, los transportes, la arquitectura modernista, y racionalista... e introdujeron nuevos hábitos en los modos de vida propios de "la cultura burguesa" como la práctica de deportes; el tenis, el ciclismo, el fútbol, la vela, el hockey, al mismo tiempo que fundaban clubes para fomentar su práctica como el Real Club Náutico de Vigo, Club de Campo, Aeroclub, y otros clubs de carácter social como el Rotary Club de Vigo. Cultivaron aficiones como la fotografía, el vídeo y fueron pioneros en la motorización de Galicia.

Además, algunos ocuparon cargos representativos en los puestos claves de la ciudad; Alcaldía, Cámara de Comercio, Zona Franca, y propiciaron la llegada en 1956 de la factoría "Citroën" asentando los pilares del siguiente capítulo industrial de la ciudad.

A través de su Asociación la Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia (1904), involucraron a intelectuales progresistas en los asuntos económicos-jurídicos de sus asociaciones, dándoles voz a través de la revista Industria Conservera creada en 1934 y que estuvo durante décadas en manos de Valentín Paz Andrade y Francisco Fernández del Riego. A la vez que en 1949 instalan el primer laboratorio de su género en España el Departamento Técnico y de Investigación, que fue el cimiento de la I+D+i en la industria alimentaria, en la calle Marqués de Valladares 41, que es donde se encontraba en sus orígenes la sede de la patronal.

En esta exposición "Vigo, la ciudad que surgió de la industria conservera" se hace una aproximación a la impronta de la conserva de pescado y marisco en la configuración de Vigo a través de la mirada de Pacheco, el archivo documental que guarda la memoria viguesa,

un fondo recurrente que hasta ahora no había recogido el amplio legado del mar como protagonista. Con motivo del 110 Aniversario de ANFACO-CECOPESCA conmemora los orígenes de la asociación en Vigo y su larga trayectoria, trazando la historia que documentó el estudio fotográfico de la calle del Príncipe.

El hilo conductor de la muestra son escenas que abundan en el archivo Pacheco; paisajes, arquitectura, actos institucionales, deportivos o sociales, imágenes que pertenecen a la categoría de fotografía documental en su mayoría destinadas a prensa y otras publicaciones como catálogos, y bajo este punto de vista las hilvanamos y construimos esta historia sobre Vigo y la industria del mar.

El recorrido comienza con los paisajes y los perfiles de Vigo marcados por la arquitectura industrial, desde Teis hasta Canido, tomando Guixar como punto de partida. De esta mirada global el recorrido continúa para adentrarnos en las catedrales del trabajo, los exteriores de las fábricas de conservas y otros edificios de Vigo, símbolos del nuevo poder económico. Los espacios de trabajo, interiores habitados por obreras, silenciosas y anónimas cuyo buen hacer imprimió la calidad necesaria al producto elaborado, jugando un importante papel en la incorporación femenina al mercado laboral. Escenas de pesca y marisqueo como actividades dependientes, los hombres y las mujeres, la sardina y el bonito protagonizan la esencia de la ciudad. Los edificios y trabajadores dan paso a los empresarios, capitanes de la industria artífices del desarrollo económico, impulsaron empresas, infraestructuras, clubs y participaron en puestos claves de los organismos olímpicos. Finalmente la publicidad comercial de las marcas viguesas, el reclamo en papel y en hojalata; multiplicidad de formatos, colores y sabores para una tarjeta de presentación de Vigo, un producto de calidad y saber de generaciones.

Los objetos industriales y publicitarios pertenecen a la colección del Museo ANFACO así como el film promocional de la Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia (1963), que suman a la exposición fotográfica

con el objetivo de narrar y dar movimiento así como al propósito de exhibir el rico patrimonio conservero que incluye la primera película sonora realizada en Galicia en 1934 con motivo de la visita del Presidente de la II República a Vigo, Niceto Alcalá Zamora, patrocinado por los industriales conserveros, cedida por el CGAI para esta exhibición.

Gracias al Concello de Vigo por esta colaboración y por el apoyo que posibilita poner a disposición de toda la sociedad el legado del mar.

## Vigo, la ciudad que surgió de la industria conservera

### **El Paisaje.**

#### **Los perfiles del mar**

El pulso entre ciudad y la industria, las playas donde se asentaban las conserveras llenaron el paisaje de chimeneas y astilleros, extendiendo sus dominios desde Teis hasta Canido, asentándose allí donde había un arenal. El desarrollo económico al cabo de los años des dibujó la panorámica y añadió una gran infraestructura portuaria.

### **EL PATRIMONIO INDUSTRIAL**

#### **La identidad de los edificios**

Los edificios de la industria conservera poblaron Vigo, se contabilizaban 43 fábricas a mediados del s. XX, al igual que otros edificios emblemáticos muchos de ellos desaparecieron llevándose la identidad de toda una ciudad, mientras que los olvidados esperan su suerte.

El esplendor socioeconómico se mide por la categoría de sus edificios, los arquitectos más representativos de Vigo sirvieron a la industria conservera, la fábrica de Alfageme es obra de Manuel Gómez Román, de Jenaro de la Fuente y Domínguez son; la fábrica Albo, la ampliación de la Metalúrgica y la desaparecida nave del Arenal de Antonio Alonso, ícono de la arquitectura industrial modernista. En la estela quedan los edificios olvidados como la fábrica de Ribas, Gándara y Haz o La Artística... espacios de trabajo que sembraron la ciudad en su pubertad.

### **EL TRABAJO**

#### **Las conserveras**

La mano obrera de la industria conservera es principalmente femenina. El trabajo en las conserveras supuso una importante fuente de ingresos para las economías familiares y para la incorporación de la mujer al mercado laboral en las zonas dependientes de la pesca. La mano de obra que consolidó el entramado fabril vigués procedía de los barrios de Bouzas, Coya, Lavadores y del Valle de Fragoso, millares de viguesas atentas al toque de las sirenas, a la llamada del trabajo para con sus manos cargar, limpiar, empacar, revisar, llenar, sertir, troquelar, cortar y soldar, manos cualificadas las de las mujeres conserveras.

### **LOS EMPRESARIOS CONSERVEROS**

#### **Sardinocracia**

Vigo surgió de la industria conservera, crecía a golpe de sardina, los empresarios incentivaban el desarrollo urbano e influían en la política local, algunos fueron alcaldes,

concejales, diputados, delegados de la Zona Franca... dominando todo el tejido empresarial, político y social de la ciudad en casi todo el s. XX.

### **DESARROLLO ECONÓMICO de Vigo**

#### **Mucho más que latas**

Los empresarios del mar situaron el complejo marítimo en la escena internacional y dieron impulso a otras industrias de servicio. Invirtieron los beneficios en la llamada integración vertical, dominando todo el ciclo del proceso productivo y formando parte de los consejos de otras empresas apartadas del ámbito del mar. Emprendedores que diseñaron el proyecto económico en el que se iba a asentar el crecimiento y buena parte de los empleos de Vigo.

### **EL DEPORTE**

#### **Fomentadores deportivos**

Vigo fue pionera en la práctica de deportes como el futbol y el ciclismo, el deporte articulaba buena parte del ocio de las clases dirigentes y trabajadoras que acudían al campo de Coya rodeado de fábricas como telón de fondo. Muchos de los empresarios conserveros practicaban el deporte, propio de la clase burguesa y con considerables éxitos en algunos casos, e impulsaron su práctica fundando el Club de Campo, Aeroclub, Club Náutico.

Las hijas de los empresarios tuvieron un papel importante en el capítulo, principalmente a través de la práctica del hockey hierba, fueron ganadoras de numerosos títulos y pioneras en la práctica del deporte femenino en los años 30.

### **LA PUBLICIDAD**

#### **Imágenes envasadas**

Algunos de los reclamos de antaño, forman parte de la colección museográfica del Museo ANFACO: el packaging de las conservas de pescado y marisco, latas y estuches en multiplicidad de formatos, catálogos, folletos, anuncios de revistas, membretes de las cartas corporativas, el mundo de las imágenes y las técnicas de comunicación comercial que explican en buena medida las sociedades que las generaron.

De entre todos los publicistas que dieron servicio a las empresas conserveras destaca el trabajo de Federico Ribas Montenegro, uno de los grandes del diseño gráfico, vigués y de familia conservera.

Vigo, a cidade que  
xurdiu da industria  
conserveira



**REDE DE MUSEOS**  
**CONCELLO DE VIGO**  
**Casa das Artes**

**CONCELLO  
DE VIGO**

